

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES E A UNIVERSIDADE DA CORUÑA (UDC) PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACCIÓNS ESTRATÉXICAS DE I+D+i 2023-2024

Santiago de Compostela, [data/sinatura dixital]

COMPARECEN

Román Rodríguez González, conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades (en adiante, a Consellería), nomeado mediante o Decreto 60/2022, do 15 de maio (DOG núm. 94 do 16.05.2022), de acordo co disposto no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e a súa Presidencia e no acordo do Consello da Xunta de Galicia do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares, publicado pola Resolución da Consellería de Economía e Facenda do 8 de abril de 1991 (DOG núm. 82, do 30 de abril).

Julio Ernesto Abalde Alonso, reitor magnífico da Universidade da Coruña (UDC), nomeado mediante o Decreto 5/2020, do 9 de xaneiro (DOG núm. 7, do 13 de xaneiro), en representación desta, en virtude das facultades que lle confire o artigo 20.1 da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das facultades que teñen conferidas e

EXPOÑEN

PRIMEIRO.- As universidades que integran o Sistema universitario de Galicia (SUG) son entidades que forman parte do sector público institucional que realizan actividades de investigación e desenvolvemento científico e tecnolóxico o que as configura como un dos principais axentes xeradores de coñecemento en Galicia.

En Galicia, a universidade pública é o lugar onde máis se investiga. O impulso da actividade investigadora é un obxectivo irrenunciable para calquera sociedade e por iso é necesario fomentar unha maior integración entre os centros de investigación e os



sectores produtivos, incidir na cultura da calidade e eficacia na utilización das infraestruturas e do capital humano que permitan unha mellora significativa na totalidade dos sectores produtivos e, a súa vez, a potenciación dunha universidade galega de calidade.

SEGUNDO.- A Secretaría Xeral de Universidades é o órgano superior da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia para a ordenación, planificación e execución das competencias en materia de universidades e ensinanzas universitarias correspondentes á Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades en relación coas atribuídas polo artigo 31 do Estatuto de Autonomía para Galicia. A Secretaría Xeral de Universidades, de acordo coas competencias que lle outorgou o Decreto 119/2022, do 23 de xuño (DOG núm. 126, do 4 de xullo), de estrutura orgánica da Consellería, debe velar pola promoción e xestión eficiente e integradora dos recursos e capacidades de investigación do SUG para a súa posta en valor no marco do sistema de innovación e, particularmente, a promoción da coordinación das universidades galegas no establecemento de programas, infraestruturas e actuacións en materia de investigación.

TERCEIRO.- Na actualidade a investigación configúrase como fundamento da docencia e como medio para o desenvolvemento científico e cultural da sociedade, a través da transferencia de coñecemento. O sistema público de I+D en Galicia, no ámbito universitario, ven amosando unha mellora da capacidade investigadora e dos seus resultados tanto pola adecuada estruturación dos recursos e da actividade de investigación coma pola mellora da súa calidade.

Compre, polo tanto, contar cun conxunto de medidas e accións concretas a desenvolver por actores específicos para mellorar as infraestruturas, intensificar a actividade investigadora e aumentar a produtividade científica mediante a diversificación na chegada de recursos.

CUARTO.- Con cargo aos orzamentos de investigación da Consellería, cada ano iníciase accións encamiñadas a financiar a investigación universitaria, xa sexa mediante convocatorias de concorrência competitiva ou convenios de colaboración.

En consecuencia, a Consellería vén negociando coas Universidades do SUG, a sinatura de convenios de colaboración, co fin de apoiar as súas estratexias de investigación. Estes convenios establécense en función das necesidades e peculiaridades específicas de cada unha delas, podendo ter carácter anual ou plurianual, dependendo das propias características das actividades financiadas ou das necesidades conxunturais de cada universidade.



Polo tanto, as actuacións en I+D+i que se recollen nos distintos convenios responden a finalidades concretas e diferenciadas, aínda que algunhas destas accións poidan dar continuidade a outras xa iniciadas con anterioridade.

QUINTO.- O Horizonte Europa (HE) 2021-2027 é o programa marco de Investigación e Innovación da UE para reforzar as súas bases científicas e o Espazo Europeo de Investigación; impulsar a capacidade de innovación, a competitividade e o emprego en Europa; e cumprir coas prioridades da cidadanía, así como soste os nosos valores e o modelo socio-económico. O programa está baseado en tres piares: Ciencia excelente, Desafíos mundiais e competitividade industrial europea, e Europa innovadora. Sobre estes piares debe fundamentarse o apoio á investigación e á innovación.

SEXTO.- A Estratexia de Especialización Intelixente de Galicia 2021-2027 (RIS3), acorde co Plan da Unión Europea Horizonte Europa e a Estratexia Española de Ciencia, Tecnoloxía e Innovación 2021-2027, é a estratexia integral para articular todas as actuacións da I+D+i en Galicia, incorporando os grandes obxectivos 2021-2027 da Unión Europea: unha nova política industrial marcada pola sostibilidade, polo Pacto Verde Europeo e pola Transformación Dixital. As grandes metas que se pretenden acadar son: evolucionar o modelo produtivo, gañar competitividade e medrar de forma sostible no tempo, xerando emprego de calidade e contribuír a dar resposta aos grandes retos e necesidades da sociedade.

O 8 de abril de 2022, o Consello da Xunta de Galicia adoptou o acordo mediante o cal se aprobou a Estratexia de especialización intelixente (RIS3) de Galicia 2021-2027, que define o marco para as políticas de investigación e innovación en Galicia para este período, así como o Plan de investigación e innovación de Galicia 2022-2024, que concreta este marco estratéxico.

A RIS3, no período 2021-2027, aborda a través da I+D+i tres grandes retos da economía e a sociedade galega. Para darlles resposta, por unha banda, a estratexia orienta as capacidades e esforzos de investigación e innovación en Galicia cara a 3 prioridades temáticas transversais, e pola outra reforza e impulsa o ecosistema galego de innovación a través de 5 obxectivos estratéxicos, arredor dos que articula os instrumentos e actuacións a desenvolver integrados nos correspondentes programas.

Os instrumentos, apoios e actuacións que se desenvolven no marco da RIS3 en relación con cada obxectivo estratéxico recóllense nos correspondentes programas. O obxectivo estratéxico 1 busca acadar un ecosistema máis aberto e integrado, facilitando a colaboración e o aliñamento coa especialización de Galicia.



En consecuencia, a presente convenio enmárcase na RIS3, respondendo polo seu carácter transversal aos tres retos e ás tres prioridades. Ten como obxectivo estratéxico facer mais visible e accesible a oferta de coñecemento e facilitar a transferencia ao conxunto do tecido empresarial (obxectivo estratéxico 1), integrándose polo tanto no programa Integra.

SÉTIMO.- O 13 de xullo do ano 2021 asinouse un "Convenio de colaboración entre a consellería de cultura, educación e universidade a Universidade da Coruña (UDC) para o desenvolvemento de accións estratéxicas de I+D+i 2021-2022", que tivo unha addenda asinada o 20 de outubro de 2022. Dito convenio estaba enmarcado na Estratexia de I+D+i da Universidade da Coruña (UDC), que a súa vez se enmarca na Estratexia Española de Ciencia, Tecnoloxía e Innovación 2021-2027 (EECTI 2021-2027), e que dividimos en dúas fases. Nunha primeira fase que vai dende o ano 2021 ao ano 2023, ten coma obxectivo garantir e fortalecer o sistema de Investigación a través dun conxunto de centros e institutos de investigación, enfocados a sectores prioritarios, con capacidade de abordar grandes proxectos tractores, colaborando de maneira activa nos retos económicos, sociais, industriais e medioambientais de Galicia.

OITAVO.- Que para garantir a produción dunha investigación de calidade por parte do sistema galego de I+D+i é esencial contar con estratexias e estruturas eficaces que xeren unha contorna favorable á investigación e fortalezan un sistema integral que garanta a excelencia científica; para elo, a Universidade da Coruña presenta un programa de necesidades da súa actividade investigadora, co fin de desenvolver accións de mellora en diferentes aspectos. A partir da situación actual, a Consellería considera necesario impulsar accións de ordenación, estruturación e potenciación da investigación.

NOVENO.- Nos anos 2023 e 2024 é necesario continuar con aquelas actuacións que están a ter un gran impacto non só dentro do ámbito universitario senón na sociedade como é o progreso desta Universidade nos seus ámbitos de especialización ao redor das TIC, a sustentabilidade e á enxeñaría e industria.

Por conseguinte, as partes abaixo asinantes acordan subscribir o presente convenio, que se rexerá polas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- Obxecto do convenio



O obxecto deste convenio é establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería e a UDC para o desenvolvemento de actuacións estratéxicas de I+D+i co fin de mellorar as infraestruturas, intensificar a actividade investigadora e aumentar a produtividade científica mediante a diversificación na chegada de recursos.

O orzamento será de 4.158.867,00 €, distribuídos nas anualidades 2023 e 2024, coas actuacións que se resumen no seguinte cadro:

ACTUACIÓNS	2023	2024	TOTAL (2023-24)
1. FORTALECEMENTO DE CENTROS			
A. CITIC (CENTRO DE INVESTIGACIÓN DAS TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E COMUNICACIÓN)			
1.1 Divulgación de coñecemento, promoción do centro e organización de congresos	63.000	110.000	173.000
1.2 Financiamento basal dos centros CIGUS	103.889	207.778	311.667
TOTAL	166.889 €	317.778 €	484.667 €
2. NOVAS ESTRUTURAS DE INVESTIGACIÓN			
A. CICA (CENTRO DE INVESTIGACIÓN CIENTÍFICA AVANZADA)			
A.1. Xestión e gobernanza, fortalecemento da xestión; asesoría técnica; apoio ás liñas estratéxicas do centro, promoción e divulgación, apoio ao talento novo e gastos estruturais	50.000	20.000	70.000
TOTAL	50.000 €	20.000 €	70.000 €
B. CITEEC (CENTRO DE INNOVACIÓN TECNOLÓXICA EN EDIFICACIÓN E ENXEÑERÍA CIVIL)			
B.1. Xestión e gobernanza do CITEEC; apoio á investigación, innovación e internacionalización; formación e recursos humanos; divulgación, comunicación e liderado científico-tecnolóxico e gastos estruturais	50.000	20.000	70.000
TOTAL	50.000 €	20.000 €	70.000 €
C. CITENI			
C.1. Xestión e gobernanza do CITENI; investigación, innovación e internacionalización; formación e recursos humanos; divulgación, comunicación e liderado científico-tecnolóxico e gastos estruturais	50.000	20.000	70.000
TOTAL	50.000 €	20.000 €	70.000 €
3. ACCIONS GRAOS E MESTRADOS			
3.1 Grao de excelencia (Centro docente innovador)	0	50.000	50.000
3.2 Máster dual	20.000	20.000	40.000
3.3 Máster de excelencia e lanzamento, promoción e difusión de mestrado	115.700	115.700	231.400
3.4 Laboratorio de creación dixital e emprendemento (Crea lab)	30.000	0	30.000
3.5 Master interuniversitario de biofabricación	0	25.000	25.000
3.6 Máster interuniversitario de vehículos autónomos (sector marítimo)	0	50.000	50.000
TOTAL	165.700 €	260.700 €	426.400 €
4. ACONDICIONAMENTO DE LABORATORIOS DE APOIO Á INVESTIGACIÓN E DIXITALIZACION			
4.1 Living lab en canal de ensaios hidrodinámico	10.000	32.000	42.000
4.2 Acondicionamento de locais e diversos espazos no ESCI	25.000	0	25.000
4.3 Instalacións, acondicionamento e posta a punto de laboratorios	210.000	0	210.000
4.4 Equipamento para laboratorio e asesoría técnica	80.000	0	80.000



4.5 Dixitalización da I+D+i e deseño e implantación do novo programa de xestión	150.000	80.000	230.000
TOTAL	475.000 €	112.000 €	587.000 €
5. OUTRAS ACCIÓNS CON FOCO ESPECÍFICO DE ALTO IMPACTO EN I+D+i			
5.1 XACIDI			
5.1.1. Captación fondos de carácter interdisciplinar	30.000 €	30.000 €	60.000 €
5.1.2 Ciencia excelente e captación talento	30.000 €	30.000 €	60.000 €
5.1.3 Coordinación e colaboración	30.000 €	30.000 €	60.000 €
5.1.4 Tracción proxectos estratéxicos de I+D+i	30.000 €	30.000 €	60.000 €
5.1.5 Asesoría técnica de procedementos de xestión de fondos vinculados ao Plan de recuperación	10.000 €	15.000 €	25.000 €
5.1.6 Organización do congreso galego e nacional OTRI e avaliación de oportunidades de internacionalización	20.000 €	40.000 €	60.000 €
5.1.7 Revisión, seguimento e control de expedientes NGEU	60.500 €	60.500 €	121.000 €
SUBTOTAL	210.500 €	235.500 €	446.000 €
5.2 REDE DE CENTROS E ACCIÓNS INTERCENTROS			
5.2.1 Acciós estratéxicas da I+D+i impulsadas e coordinadas a través da Rede de Centros (proxectos mixtos intercentros e portas abertas)	20.000	20.000	40.000
5.2.2 Avaliación de oportunidades en sectores estratéxicos	10.000	10.000	20.000
5.2.3. Prevención de riscos nos centros de investigación	21.000	16.500	37.500
SUBTOTAL	51.000 €	46.500 €	97.500 €
5.3 CAMPUS DE ESPECIALIZACION			
5.3.1 Proceso de acreditación	10.000	20.000	30.000
5.3.2 Foro da innovación na área TIC	25.000	25.000	50.000
5.3.3. Análise das novas ocupacións ou competencias	12.500	20.000	32.500
5.3.4 Proxectos disruptivos	0	60.000	60.000
SUBTOTAL	47.500 €	125.000 €	172.500 €
5.4 EQUIPAMIENTO CIENTIFICO-TECNOLOXICO			
5.4.1 Microscopio de barrido electrónico	421.300	0	421.300 €
5.4.2 Unidade de xerminación e cultivo controlado	97.000	0	97.000 €
5.4.3 Equipamento para os SAI (Adquisición, calibración e posta a punto)	60.000	0	60.000 €
5.4.4 Apoio ao GME	40.000	40.000	80.000 €
5.4.5 Equipamento para simulación	60.500	0	60.500 €
5.4.6 Equipamento para o mantemento do material sanitario	40.000	0	40.000 €
5.4.7 Laboratorio de xestión turística e hoteleira	60.500	0	60.500 €
5.4.8 Laboratorio de deseño e innovación	60.500	40.000	100.500 €
5.4.9 Dixitalización e innovación docente	30.000	0	30.000 €
5.4.10 Axuda RyC	25.000	0	25.000 €
5.4.11 Actualización e mellora de equipamento especializado	20.000	40.000	60.000 €
SUBTOTAL	914.800 €	120.000 €	1.034.800 €
5.5 Desenvolvemento do proxecto SIGMA ACADEMIC			
5.5.1 Proxecto SIGMA ACADEMIC e automatización dos procedementos internos de xestión	0,00 €	700.000 €	700.000 €
	2.181.389 €	1.977.478 €	4.158.867 €



SEGUNDA.- Actuacións

As accións contempladas neste convenio recollen as liñas xerais de colaboración en I+D+i (5) coa Universidade da Coruña para o período 2023-2024, tal e como se detallan a continuación:

1. FORTALECEMENTO DE CENTROS

Esta achega distribuirase:

ACTUACIÓN	2023	2024	TOTAL (2023-24)
A.CITIC (CENTRO DE INVESTIGACION DAS TECNOLOXIAS DA INFORMACION E COMUNICACION)			
1.1 Divulgación de coñecemento, promoción do centro e organización de congresos	63.000	110.000	173.000
1.2 Financiamento basal dos centros CIGUS	103.889	207.778	311.667
TOTAL	166.889 €	317.778 €	484.667 €

O CITIC (Centro de Investigación en TIC) é un centro que conta co selo CIGUS, que está acreditado, e que vinculou a súa estratexia nos próximos anos arredor das TIC. De igual xeito, pretende avanzar na internacionalización do centro co desenvolvemento do programa de captación de talento internacional predoutoral especializado no eido das TIC.

1.1 Divulgación de coñecemento, promoción do centro e organización de congresos

Para acadar este obxectivo, o centro debe implementar estratexias efectivas de divulgación científica, abordando novos retos como os seguintes:

- Apoio aos diferentes equipos de investigadores de CITIC que precisan dunha maior difusión das súas actividades.
- Creación dun vídeo promocional para o posicionamento do centro no ecosistema de I+D+i no eido das TIC.
- Creación dunha cátedra institucional. Facer visible os resultados de investigación a diversos públicos, incluíndo a comunidade científica, a sociedade en xeral e os medios de comunicación.
- Desenvolvemento dun proxecto coa Armada e ampliación da colaboración en industria 4.0 e a fixación da estratexia de defensa europea.
- Accións específicas para o posicionamento do centro no ámbito científico nacional e internacional. Débese promover a internacionalización da investigación, colaboración con investigadores e centros de investigación, participación en redes internacionais, e a concorrência a becas, axudas e proxectos internacionais.



- f) Organización de congresos e xornadas. Trátase de dar continuidade as xornadas de promoción dos xoves en tódalas actividades de contido científico relacionado co mundo das TIC (Xove TIC). Tamén se destacan as xornadas dos talentos inclusivos, as cales están chamando a atención do público en xeral. No ano 2024 se quere organizar o congreso nacional de informática que supón a organización dun evento con 2.000 informáticos o que permitirá a proxección do centro e a posta en valor das súas capacidades.
- g) Programas de divulgación científica. Entre estes está o museo co que se pretende visualizar a evolución histórica dos avances científicos entorno as TIC.

1.1 Financiamento basal dos centros CIGUS (2023-24)

Apoio ao financiamento dos proxectos estratéxicos de investigación do CITIC para fortalecer as súas capacidades científicas.

Os importes das axudas irán destinadas a financiar os seguintes conceptos, sempre que de maneira indubidable respondan á natureza das actividades obxecto do convenio, tales como:

- a) Custo de contratación de persoal propio e de nova contratación (persoal investigador, técnico e auxiliar de investigación e xestores de ciencia). Admítese o custo derivado da cofinanciación de programas competitivos de recursos humanos que así o esixan tales como os programas estatais Juan de la Cierva e Ramón y Cajal. Non se subvencionarán os custos de persoal que xa estean cubertos polas dotacións previstas na Lei de orzamentos xerais do Estado ou nas leis de orzamentos da Comunidade Autónoma. A contratación poderá ser a tempo completo ou parcial.

Queda excluído o persoal que desempeñe funcións administrativas. Tampouco poderá admitirse os custos de persoas que aínda vencelladas ao proxecto non o estean mediante unha relación contractual.

- b) Formación científica que se desenvolva no marco do proxecto estratéxico do centro.

- c) Custos de pequeno equipamento inventariable de nova adquisición. Dentro deste apartado considerarase:

- A instalación do equipamento, sempre que sexa estritamente necesaria para a súa posta en funcionamento.
- As licenzas e renovacións de licenzas de software se son de uso específico para as actividades específicas e non de uso xeral.

Neste punto non se considerarán os seguintes gastos:



-Instalacións de edificios (electricidade, climatización, redes de telecomunicacións...), e as que non sexan estritamente necesarias para o funcionamento do equipamento científico e técnico.

- Equipamento para espazos ou usos alleos ás actividades subvencionadas, como zonas de administración ou xestión, salas de reunións, despachos, mobiliario de oficina...

- Licenzas de software xeral.

d) Custo en material fungible

e) Custos de viaxe, axudas de custo e aloxamento do persoal adscrito proxecto para a actividade obxecto da axuda, sempre que a contía non exceda o 20 % da axuda debidamente xustificada anualmente. Este apartado abarcará unicamente: gastos de viaxe (por exemplo billetes, quilometraxe do vehículo, peaxes e gastos de aparcadoiro), custos de comida e de aloxamento nas contías máximas sinaladas no Decreto 144/2001, do 7 de xuño, sobre indemnizacións por razóns de servizo ao persoal con destino na Administración autonómica de Galicia (actualizado por Resolución do 29 de decembro de 2005, DOG número 250, do 30 de decembro de 2005) para un grupo I. Non se considerarán neste apartado o persoal colaborador externo do centro.

f) Consultaría e asesoramento externo para a presentación de proxectos, a contratación de servizos externos entendidos como actividades prestadas por terceiros de forma puntual, tales como análises e ensaios de laboratorio, enxeñaría para a montaxe e operación, estudos e actividades complementarias, consultarías, asistencia técnica e servizos equivalentes para a execución das actividades investigadoras propias dos proxectos estratéxicos de investigación, informes técnicos, consultivos, tradución e corrección de textos científicos, publicación dos resultados de investigación en aberto (non son de aplicación nesta epígrafe os gastos de autoedición ou similares) e gastos asociados na publicación das memorias de actividades relacionadas co Proxecto Estratéxico

g) Gastos derivados das reunións do comité asesor externo (CAE), incluíndo gastos de viaxe, asistencia a reunións e elaboración de informes.

h) Actividades de divulgación e difusión, e material asociado, das actividades propias do Centro ou que nel se desenvolvan.

i) Gastos derivados da elaboración dun informe de auditoría da xustificación económica por cada centro que obteña financiamento en cada unha das anualidades nas que a axuda estea activa. O custo por este concepto non poderá exceder de 1.200 € durante a vixencia do convenio.



Importe total do financiamento do Centro de Investigación en Tecnoloxías de Información para o período 2023-24 é de 484.667 €. Este financiamento abranguerá ata a publicación da resolución da nova orde reguladora da acreditación en excelencia e das axudas en estrutura, mellora e apoio aos centros de investigación do Sistema universitario de Galicia.

2.- NOVAS ESTRUTURAS DE INVESTIGACIÓN.

Esta achega distribuirase:

2. NOVAS ESTRUTURAS DE INVESTIGACIÓN			
A. CICA (CENTRO DE INVESTIGACION CIENTIFICA AVANZADA)			
A.1. Xestión e gobernanza, fortalecemento da xestión; asesoría técnica; apoio ás liñas estratéxicas do centro, promoción e divulgación, apoio ao talento novo e gastos estruturais	50.000	20.000	70.000
TOTAL	50.000 €	20.000 €	70.000 €
B. CITEEC (CENTRO DE INNOVACIÓN TECNOLÓXICA EN EDIFICACIÓN E ENXEÑERÍA CIVIL)			
B.1. Xestión e gobernanza do CITEEC; apoio á investigación, innovación e internacionalización; formación e recursos humanos; divulgación comunicación e liderado científico-tecnolóxico e gastos estruturais	50.000	20.000	70.000
TOTAL	50.000 €	20.000 €	70.000 €
C. CITENI			
C.1. Xestión e gobernanza do CITENI; investigación, innovación e internacionalización; formación e recursos humanos; divulgación comunicación e liderado e gastos estruturais	50.000	20.000	70.000
TOTAL	50.000 €	20.000 €	70.000 €
TOTAL	150.000 €	60.000 €	210.000 €

A) CICA (Centro de Investigación Científica Avanzada) 2023-24

A.1. Xestión e gobernanza, fortalecemento da xestión; asesoría técnica; apoio ás liñas estratéxicas do centro, promoción e divulgación, apoio ao talento novo e gastos estruturais (2023-24)

É necesario promover unha serie de accións-chave para a mellora da produción científica, a consecución de proxectos de investigación, o incremento da innovación e a transferencia e para atracción de talento novo necesario para potenciar os grupos de investigación.

A actuación inclúe os seguintes apartados:

- Xestión e gobernanza: Gastos asociados á gobernanza e á organización do comité externo.
- Fortalecemento da xestión: reforzo da xestión de I+D.



- c) Asesoría técnica: actividades de consultaría externa para a avaliación do centro, da produción científica dos grupos adscritos, así como da dirección e o liderado, tendo como obxectivo principal a concorrencia a convocatoria de axudas para centro de investigación do SUG. Inclúese o lanzamento dunha nova infraestrutura de experimentación animal.
- d) Apoio ás liñas estratéxicas do centro: dirixido a aumentar as colaboracións entre investigadores/as adscritos/as ao CICA, xerar novo coñecemento e solucións innovadoras, consolidar a interdisciplinariedade ou mellorar a competitividade para a captación de fondos nacionais e internacionais.
- e) Promoción e divulgación: dar a coñecer as actividades do centro e achegar a ciencia á sociedade, visibilizar o traballo que realiza o persoal investigador do centro.
- f) Apoio ao talento novo: predoutorais e posdoutorais que se incorporan ao centro procedente de convocatorias competitivas de recursos humanos.
- g) Gastos estruturais: gastos derivados das actividades de investigación e de xestión.

O Importe total do financiamento do Centro de Investigacións Científicas Avanzadas (CICA) para o 2023-24 ascende a **70.000,00 €**.

B. CITEEC (Centro de Innovación Tecnolóxica en Edificación e Enxeñaría Civil)

B.1 Gastos de xestión e gobernanza; investigación, innovación e internacionalización; formación e recursos humanos; divulgación, comunicación e liderado e gastos estruturais

Os gastos de funcionamento, de apoio á xestión e de apoio ao talento novo e desenvolvemento de diferentes programas de I+D+i (2023-24) para o CITEEC inclúe os seguintes apartados:

- a) Xestión e gobernanza do CITEEC: Gastos asociados á gobernanza e á organización do comité externo.
- b) Investigación, innovación e internacionalización. Financiamento da adquisición e mellora do equipamento existente, vinculado co proxecto estratéxico (Non se considerarán gastos subvencionables os que non sexan estritamente necesarios para o funcionamento do equipamento científico e técnico ou alleos ás actividades subvencionadas como zonas de administración, mobiliario, despachos,...)
- c) Formación e recursos humanos. Financiamento de cursos que sexan de interese para o centro.
- d) Divulgación, comunicación e liderado científico-tecnolóxico.
- e) Gastos estruturais: gastos derivados das actividades de investigación e de xestión que se levarán a cabo para acadar os obxectivos do centro.

O importe total do financiamento do Centro de Innovación Tecnolóxica en Edificación e Enxeñaría Civil para o 2023-24 ascende a 70.000 euros.

C. CITENI (Centro de Investigación en Tecnoloxías Navais e Industriais) 2023-24



C.1 Gastos de xestión e gobernanza; apoio á investigación, innovación e internacionalización, divulgación, comunicación e liderado científico-tecnolóxico e gastos estruturais (2023-24)

Os gastos de funcionamento, de apoio á xestión e de apoio ao talento novo e desenvolvemento de diferentes programas de I+D+i (2023-24) para o CITEEC inclúe os seguintes apartados:

- a) Xestión e gobernanza do CITENI: gastos asociados á gobernanza e á organización do comité externo
- b) Investigación, innovación e internacionalización: recóllense as necesidades vinculadas ao desenvolvemento de grupos de traballo e redes, favorecendo a mobilidade do persoal adscrito. Tamén se propón a invitación de investigadores de recoñecido prestixio internacional para establecer lazos ou reforzar os xa existentes e a preparación de proxectos de transferencia.
- c) Formación e recursos humanos: apoiar a formación transversal dos investigadores para axudar ao desenvolvemento da súa promoción. Inclúe o convite de conferenciantes de recoñecido prestixio.
- d) Divulgación, comunicación e liderado científico-tecnolóxico.
- e) Gastos estruturais: derivados das actividades que se levarán a cabo vinculados co proxecto estratéxico.

O importe total da financiamento do CITENI para o 2023-24 ascende a 70.000 euros.

3. ACCIÓNS NOS GRAOS E MESTRADOS (2023-24)

A achega distribuirase:

ACTUACIÓN	2023	2024	TOTAL (2023-24)
3. ACCIONS GRAOS E MESTRADOS			
3.1 Grao de excelencia (Centro docente innovador)	0,00	50.000	50.000
3.2 Máster dual	20.000	20.000	40.000
3.3 Máster de excelencia e lanzamento, promoción e difusión de mestrado	115.700	115.700	231.400
3.4 Laboratorio de creación dixital e emprendemento (Crea lab)	30.000	0,00	30.000
3.5 Master interuniversitario de biofabricación	0,00	25.000	25.000
3.6 Máster interuniversitario de vehículos autónomos (sector marítimo)	0,00	50.000	50.000
TOTAL	165.700 €	260.700 €	426.400 €

3.1 Grao de excelencia (Centro docente innovador). Fomentar a acción innovadora nos centros docentes.

3.2 Máster Dual. Fomentar a creación de mestrados duais nos que os futuros egresados poidan realizar un período formativo fora da empresa.



3.3 Máster de excelencia e lanzamento, promoción e difusión de mestrado.

Actualmente existen 7 mestrados de excelencia activos:

- MU en Bioloxía Molecular, Celular e Xenética da UDC (20.000€)
- MU en Enxeñaría Informática da UDC (20.000€)
- MU en Biotecnoloxía Avanzada entre a UDC e a UVIGO (10.000€ para UDC e 10.000€ para UVIGO)
- MU en Bioinformática para Ciencias da Saúde da UDC (20.000€ para UDC)
- MU en Informática en Altas Prestacións (10.000€ para UDC)
- MU en Matemática Industrial (6.700€ para UDC)
- MU en Comunicación para a Facultade de Ciencias da Comunicación (20.000€ para UDC)

Tamén se inclúe o lanzamento e promoción e difusión do mestrado orientado a terapia ocupacional. A UDC participa como universidade socia no Programa European Máster of Science In Occupational Therapy.

Coa súa incorporación ao Máster Europeo en Ciencias en Terapia Ocupacional a Universidade da Coruña asume a docencia do 4º módulo deste título, centrado nas perspectivas socioculturais da ocupación humana. Vai permitir a continuidade na súa formación para os estudantes que o desexen, nun contexto de innovación docente e aprendizaxe intercultural de enorme valor para o estudantado e o profesorado participante. Todo o proceso de lanzamento, promoción e difusión deste programa está en liña coas accións de internacionalización e innovación, e esixe apoio económico para distintas accións como asistencia a reunións de coordinación, acollida de alumnado e profesorado na súa estadía na UDC, organización de accións complementarias á docencia e outras.

3.4 Laboratorio de creación dixital e emprendemento (Crealab).

Creación dun laboratorio de informática dotado de equipos gráficos de alta potencia para o desenvolvemento dos contidos de creación dixital. O laboratorio estaría composto por 20 equipos informáticos tipo "Gaming" con procesador de alto rendemento, tarxeta gráfica de altas prestacións, servidor de almacenamento con alta capacidade e cascos de realidade virtual e tableta gráfica de dixitalización.

3.5 Master interuniversitario de biofabricación.

Equipamento para a mellora da actividade docente e formativa no mestrado de biofabricación, para o curso académico 2024-25. No caso da UDC se trata de mellorar a ampliación da capacidade dos laboratorios de cultivo celular e histoloxía.

3.6. Master interuniversitario de vehículos autónomos para o sector marítimo.

No caso do Campus Industrial de Ferrol, destacan as capacidades no eido naval e marítimo e a aposta pola economía azul ou "blue Economy", que inclúe a construción naval, as enerxías renovables mariñas, ou a loxística marítima. Polo tanto, o equipamento inclúe robots submarinos tipo blue rov, unha embarcación de superficie autónoma e sensórica adicional para eses vehículos.

O importe total do financiamento destas accións para o período 2023-24 ascende a **426.400 €**.

4. ACONDICIONAMENTO DE LABORATORIOS DE APOIO Á INVESTIGACIÓN E DIXITALIZACIÓN.



A achega distribuirase:

ACTUACIÓN	2023	2024	TOTAL (2023-24)
4. ACONDICIONAMENTO DE LABORATORIOS DE APOIO Á INVESTIGACIÓN E DIXITALIZACION			
4.1 Living lab en canal de ensaios hidrodinámico	10.000	32.000	42.000
4.2 Acondicionamento de locais e diversos espazos no ESCI	25.000	0,00	25.000
4.3 Instalacións, acondicionamento e posta a punto de laboratorios	210.000	0,00	210.000
4.4 Equipamento para laboratorio e asesoría técnica	80.000	0,00	80.000
4.5 Dixitalización da I+D+i e deseño e implantación do novo programa de xestión	150.000	80.000	230.000
TOTAL	475.000 €	112.000 €	587.000 €

4.1 Living lab en canal de ensaios hidrodinámico. É a actuación para a mellora do canal de ensaios que consiste na instalación e posta a punto dos motores.

4.2 Acondicionamento de locais e diversos espazos no ESCI.

Acondicionamento e mellora dos espazos para que se poida levar a cabo a xestión da investigación no ESCI (Edificio de servizos centrais da investigación). Inclúe o levantamento de tabiques e a nova redistribución de espazos e de mobiliarios ou equipamentos.

4.3 Instalacións, acondicionamento e posta a punto de laboratorios (Laboratorio de polímeros, LRA e posta a punto do laboratorio ABB).

Se conseguirían uns laboratorios modernos e innovadores que van a permitir tanto o desenvolvemento dunha docencia innovadora e práctica como desenvolver unha investigación avanzada no eido da enxeñaría e das tecnoloxías navais e industriais.

Se quere acondicionar o laboratorio LRA, para o cal é necesario trasladar equipamento e realizar a posta a punto dun equipamento nalgúns casos moi sensible. Trátase dun laboratorio de integración de sistemas industriais que permitirán unha monitorización e actuación integral de todo tipo de plantas ou procesos. Todo isto permitirá a optimización das instalacións así como acadar a súa ansiada eficiencia enerxética e económica.

O outro implica a reforma, acondicionamento e mellora do laboratorio, posta a punto das instalacións e traslado do mobiliario de equipamento. Trátase de acondicionar as novas unidades que van a estar encargadas de xestionar a investigación ou de apoio aos investigadores do CITENI.

Finalmente, tamén hai que realizar a instalación, acondicionamento e posta a punto de laboratorios ABB.

4.4 Equipamento para laboratorio e asesoría técnica

Trátase dun equipo que permite dos detectores gamma de xermanio hiperpuro que funcionan a baixas temperaturas, polo que é necesario arrefrialos con nitróxeno líquido. Actualmente el gasto de nitróxeno líquido é de 25 litros a la semana, por lo que el gasto anual sería de 1300 litros ao ano. Ademais, o xenerador permitiría proporcionar servizos a outros laboratorios y departamentos, debido a que o nitróxeno líquido presenta diversos usos.

Tamén implica a necesidade de verificar a solvencia técnica dos laboratorios que interveñen en todo o proceso. Se leva a cabo unha avaliación rigorosa de aspectos cruciais para o correcto desenvolvemento da análise que realiza o laboratorio.



4.5 Dixitalización da I+D+i e deseño e implantación do novo programa de xestión

Trátase de diferentes actuacións necesarias para a integración informática e contable no sistema da Xunta. Estas son as actuacións necesarias:

- Servizos de deseño, desenvolvemento, probas e posta en marcha das funcionalidades necesarias para a adaptación do sistema de xestión Modular da investigación ou I+D+i MUS aos requisitos técnicos e funcionais do sistema contable XUMCO.
- Inclúe tamén o deseño e todo o soporte na carga de datos e seguimento dun módulo específico no MUS para a xestión dos proxectos de investigación e a súa xustificación posterior que axilice o procedemento, mellore a trazabilidade e permita a obtención da xustificación económica dos mesmos mediante procesos semiautomáticos acorde a fonte de financiamento.
- Servizo de soporte funcional para a integración da xestión económica-orzamentaria da UDC en XUMCO. Deseño de novas clasificacións orgánicas adaptadas aos requirimentos de XUMCO, elaboración de táboas de equivalencia relativas á clasificación económica e deseño dun novo procedemento de execución orzamentaria que adapta as funcionalidades do MUS á execución dos proxectos de gasto. Inclúe tamén o soporte na importación do inventario e deseño de novos procesos para acadar unha trazabilidade adecuada na xestión dos bens mobles. Formación adaptada e personalizada ao cada un dos servizos administrativos da UDC coa redacción de manuais de usuario e colaboración na gravación de videotutoriais.

Importe total do financiamento en obras singulares de apoio a investigación e dixitalización para o período 2023-24 ascende a **587.000 euros**.

5. OUTRAS ACCIÓNS CON FOCO ESPECÍFICO DE ALTO IMPACTO EN I+D+i.

A achega distribuirase:

ACTUACIÓNS	2023	2024	TOTAL (2023-24)
5. OUTRAS ACCIÓNS CON FOCO ESPECÍFICO DE ALTO IMPACTO EN I+D+i			
5.1 XACIDI			
5.1.1. Captación fondos de carácter interdisciplinar	30.000 €	30.000 €	60.000 €
5.1.2 Ciencia excelente e captación talento	30.000 €	30.000 €	60.000 €
5.1.3 Coordinación e colaboración	30.000 €	30.000 €	60.000 €
5.1.4 Tracción proxectos estratégicos de I+D+i	30.000 €	30.000 €	60.000 €
5.1.5 Asesoría técnica de procedementos de xestión de fondos vinculados ao Plan de recuperación	10.000 €	15.000 €	25.000 €
5.1.6 Organización do congreso galego e nacional OTRI e avaliación de oportunidades de internacionalización	20.000 €	40.000 €	60.000 €
5.1.7 Revisión, seguimento e control de expedientes NGEU	60.500 €	60.500 €	121.000 €
SUBTOTAL	210.500 €	235.500 €	446.000 €
5.2 REDE DE CENTROS E ACCIÓNS INTERCENTROS			
5.2.1 Acciós estratéxicas da I+D+i. impulsadas e coordinadas a través da Rede de Centros (proxectos mixtos e portas abertas)	20.000	20.000	40.000



5.2.2 Avaliación de oportunidades en sectores estratéxicos	10.000	10.000	20.000
5.2.3. Prevención de riscos nos centros de investigación	21.000	16.500	37.500
SUBTOTAL	51.000 €	46.500 €	97.500 €
5.3 CAMPUS DE ESPECIALIZACION			
5.3.1 Proceso de acreditación	10.000	20.000	30.000
5.3.2 Foro da innovación na área TIC	25.000	25.000	50.000
5.3.3. Análise das novas ocupacións ou competencias profesionais	12.500	20.000	32.500
5.3.4 Proxectos disruptivos	0	60.000	60.000
SUBTOTAL	47.500 €	125.000 €	172.500 €
5.4 EQUIPAMIENTO CIENTIFICO-TECNOLOXICO			
5.4.1 Microscopio de barrido electrónico	421.300	0	421.300 €
5.4.2 Unidade de xerminación e cultivo controlado	97.000	0	97.000 €
5.4.3 Equipamento para os SAI (Adquisición, calibración e posta a punto)	60.000	0	60.000 €
5.4.4 Apoio ao GME	40.000	40.000	80.000 €
5.4.5 Equipamento para simulación	60.500	0	60.500 €
5.4.6 Equipamento para material sanitario	40.000	0	40.000 €
5.4.7 Laboratorio de xestión turística e hoteleira	60.500	0	60.500 €
5.4.8 Laboratorio de deseño e innovación	60.500	40.000	100.500 €
5.4.9 Dixitalización e innovación docente	30.000	0	30.000 €
5.4.10 Axuda RyC	25.000	0	25.000 €
5.4.11 Actualización e mellora de equipamento especializado	20.000	40.000	60.000 €
SUBTOTAL	914.800 €	120.000 €	1.034.800 €
5.5 Desenvolvemento do proxecto SIGMA ACADEMIC			
5.5.1 Proxecto SIGMA ACADEMIC e automatización dos procedementos internos de xestión	0,00 €	700.000 €	700.000 €
SUBTOTAL	0,00 €	700.000 €	700.000 €

5.1. XACIDI.

Acción transversal de reestruturación e fortalecemento dos servizos de investigación e innovación facendo fincapé no tecido produtivo e empresarial a través da creación do servizo XACIDI (Xestión, Apoio e Coordinación da Investigación, Desenvolvemento e Innovación da UDC).

As accións que se levarán a cabo son:

5.1.1 Captación de fondos de carácter interdisciplinar de fondos europeos de investigación, inteRREG, redes cost, etc., xestión integral destes proxectos nas diferentes etapas (preparación, presentación, sinatura, execución, seguimento, xustificación, etc.).

5.1.2 Ciencia excelente e captación talento. Dentro do programa de captación de talento da UDC (proxecto BERCE), trátase de coordinar os programas propios da UDC con outros programas de captación de talento como as convocatorias europeas (ERC), españolas (Ramón y Cajal, Beatriz Galindo, Juan de la Cierva...) e autonómicas (programa de investigadores/as distinguidos da Xunta de Galicia). A finalidade é a captación de investigadores/as de interese para a UDC e o apoio para a preparación de propostas.



5.1.3 Coordinación e colaboración. Coordinación de proxectos interdisciplinares e en colaboración con axentes pertencentes ao tecido produtivo; a través da realización e xestión de contratos de I+D e servizos tecnolóxicos, así coma a protección dos resultados de investigación obtidos a través dos diferentes proxectos de investigación con posibilidades de acordos de licenza e explotación.

5.1.4 Tracción de proxectos de I+D+i coordinados en colaboración con outras entidades de I+D+i ou pertencentes ao tecido empresarial estratéxico na economía galega. Se trata da continuación de actividades realizadas ao abeiro do convenio 2021-2022, que continúan no tempo. O prazo medio de duración dos proxectos de investigación é de catro anos, sen ter en conta o tempo necesario para a preparación das propostas e variacións sufridas na fase de implementación.

5.1.5 Asesoría técnica de procedementos de xestión de fondos vinculados ao plan de recuperación.

5.1.6 Organización do congreso nacional OTRI e avaliación de oportunidades de internacionalización.

5.1.7 Revisión, seguimento e control de expedientes NGEU.

Importe total do financiamento do XACIDI para o período 2023-24 ascende a 446.000 euros.

5.2 Rede de Centros e accións intercentros

5.2.1 Accións estratéxicas da I+D+i impulsadas e coordinadas a través da Rede de centros (proxectos mixtos intercentros e portas abertas). Trátase de desenvolver proxectos estratéxicos mixtos entre os diferentes centros e a celebración dunhas xornadas de portas abertas para dar a coñecer os centros de investigación á sociedade.

5.2.2 Avaliación de oportunidades en sectores estratéxicos. Se queren avaliar oportunidades en sectores estratéxicos para a nosa comunidade autónoma para as cales a Universidade ten unha vantaxe competitiva diferencial e distintiva.

5.2.3 Prevención de riscos nos centros de investigación. Trátase de poñer en marcha plans de autoprotección para a prevención de riscos potenciais nos centros e unidades de investigación e transferencia.

Importe total da financiación da rede de centros para o período 2023-24 ascende a **97.500 euros**.

5.3. Campus de especialización

As actuacións do convenio de I+D+i dos Campus de especialización as accións quedan do seguinte xeito:

5.3.1 Proceso de acreditación. Se quere preparar o proceso de acreditación dos Campus de especialización o que exige a elaboración da asesoría para a súa gobernanza e planificación de actuacións no eido da investigación, transferencia, e internacionalización.



5.3.2 Foro de innovación na área TIC. Ecosystems 2030. Ecosystems 2030 é o principal foro interdisciplinar para altos executivos, enxeñeiros séniores, líderes de pensamento, innovadores e futuristas para explorar os ecosistemas que emerxen durante os próximos 10 anos a partir de tecnoloxías como Intelixencia Artificial, Sistemas Autónomos, Fintech, Impresión 3D, Robótica e Virtual/ Realidade aumentada.

5.3.3. Análise de novas ocupacións ou competencias profesionais no eido das TIC e da sustentabilidade e deseño da oferta formativa. Trátase de analizar e identificar as novas ocupacións profesionais do futuro asociadas ao eido das TIC e da Sustentabilidade e deseñar cursos de formación asociados aos novos perfís profesionais ou as súas competencias asociadas.

5.3.4 Proxectos disruptivos. Se queren avaliar proxectos vinculados á liña de especialización da sustentabilidade e da área TIC. Entre os proxectos para 2024 se atopa a creación de laboratorios para a investigación .

Importe total do financiamento en Campus de Especialización para o 2023-24 ascende a **172.500 euros**.

5.4. Adquisición de equipamento científico-tecnolóxico.

5.4.1 Microscopio de barrido electrónico. Complemento de apoio á liña de investigación xa iniciada como a actividade de investigación e transferencia que se realiza no Servizo de apoio á investigación. Este equipo vaise utilizar non só por parte do equipo de investigación que lidera a investigadora ERC actual senón que tamén será utilizado por parte dos servizos de apoio á investigación.

5.4.2 Unidade de xerminación e cultivo controlado. Instalacións de xerminación y cultivo controlado, para o reforzo das liñas de recursos naturais, ecoloxía, botánica, fisioloxía vexetal e biodiversidade.

5.4.3 Equipamento para os SAI. Adquisición, calibración e posta a punto. Novo equipamento.

5.4.4 Apoio ao GME. Axuda consolidación para o grupo de investigación para os anos 2023 e 2024.

5.4.5 Equipamento para simulación. Trátase dun simulador de alta tensión que vai permitir o manexo en tempo real e en condicións reais o desenvolvemento das capacidades dos futuros egresados. Simulador e hardware de Alta Tensión para buque de propulsión eléctrica Dual Fuel. O modelo do simulador é un buque que representa a transición enerxética cara un transporte marítimo máis sostible e cun menor impacto na pegada ecolóxica. Para iso emprega a tecnoloxía dos sistemas de propulsión de alta tensión combinado cun sistema de combustible dual.

5.4.6 Equipamento para o mantemento de material sanitario. Esterilizador a vapor cunha porta de que inclúe tensión trifásica e microordenador industrial e pantalla táctil con dobre CPU (control e rexistro), impresora de datos proceso/conexión Ethernet, vacío con economizador de auga, marcado de produto sanitario, recámara continua e kit de carga extraíbles e kit estantes de carga extraíbles construído totalmente construído en aceiro inoxidable. Dotación fundamental para todas as prácticas clínicas, pero moi especialmente coa práctica cirúrxica.

5.4.7 Laboratorio de xestión turística. Dotación dunha plataforma tecnolóxica de formación centrada no turismo que permitirá a mellora da dixitalización da actividade docente e investigadora. En concreto, o que se busca é que os futuros egresados e egresadas saiban manexar e xestionar ferramentas informáticas que melloren tanto a atención ao cliente en xestións relacionadas coa selección de destinos turísticos. O programa *Amadeus Service* é un

Páxina 18 de 27



ecosistema dixital para a xestión dos servizos de atención ao cliente con aplicación práctica ao sector do turismo e o programa *Hospitality Management System* é un sistema dixital e integral empregado para a xestión de bebidas e alimentos. Para elo, precisase a instalación do hardware (25 equipos informáticos capaces de soportar o programa de xestión) así como un proxector, un kit Sistema e guía turístico, o software anteriormente explicado e monitores e cámaras que convertan a aula nun verdadeiro espazo de formación integral e virtual.

5.4.8 Laboratorio de innovación e deseño. Trátase dunha dotación de equipamento informático con capacidades gráficas elevadas.

5.4.9 Dixitalización e innovación docente. Trátase da mellora das infraestruturas para o grao en Relacións Internacionais. no ámbito da docencia e na mellora da actividade investigadora.

5.4.10 Axuda RyC. Axuda para Ramón y Cajal. Acondicionamento do laboratorio para o novo talento investigador.

5.4.11 Actualización e mellora de equipamento especializado. Equipos para o grao en Nanociencia e Nanotecnoloxía que necesitan unha calibración e posta a punto. No seguinte ano se complementa con pequeno equipamento nas áreas de sensórica, química e nanopartículas.

Importe total do financiamento en adquisición de equipamento científico para o 2023-24 ascende a **1.034.800 euros**.

5.5 Desenvolvemento do proxecto SIGMA ACADEMIC.

5.5.1 Proxecto SIGMA ACADEMIC e automatización dos procedementos internos de xestión. Novo programa software da xestión académica dun xeito integral, accesible a tódalas unidades administrativas, cunha interface moito máis sinxela e intuitiva e fácil de usar.

TERCEIRA.- Obrigas

De acordo coa lexislación vixente, as partes comprométense:

A Consellería comprométese a colaborar no financiamento do gasto realizado pola UDC para impulsar as accións descritas neste convenio.

A UDC comprométese a desenvolver as accións descritas así como facer constar en calquera tipo de publicidade e información que realice ao respecto a participación e a colaboración da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades.

A universidade tamén se compromete a facilitar cantos datos resulten necesarios para a valoración do instrumento no marco da avaliación da RIS3 Galicia ou doutros mecanismos, en particular as enquisas do INE, relacionados coa medición da I+D+i. Os datos asignados aos citados instrumentos de avaliación deberán estar consignados á Comunidade Autónoma de Galicia. No marco de seguimento e avaliación da RIS3



Galicia, desenvolverase un seguimento específico das axudas concedidas. Este seguimento estará baseado na recompilación de información acerca dos resultados económicos e científico-técnicos obtidos polas entidades beneficiarias. A tales efectos, durante a execución e ao finalizar a axuda (expost), os beneficiarios deberán proporcionar información relativa a unha serie de indicadores, entre os que se incluírán indicadores xerais e específicos de I+D+i.

De non facilitar cantos datos resulten necesarios para o seguimento e a avaliación do instrumento no marco da avaliación da RIS3 Galicia ou outros instrumentos relacionados coa medición da innovación será causa de reintegro de ata o 1% da subvención concedida.

De conformidade co artigo 31.7 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, non poderá realizarse o pagamento da subvención en tanto a UDC non se atope ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e non teña pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da comunidade Autónoma ou sexa debedor por resolución de procedencia de reintegro.

CUARTA.- Financiamento

A dotación da Consellería para este convenio é de catro millóns cento cincuenta e oito mil oitocentos sesenta e sete euros (4.158.867,00 €), con cargo á aplicación orzamentaria 10.03.561B.744.0 (código de proxecto 2016 00129) no marco do Plan galego de financiamento universitario 2022-2026 (aprobado polo Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 16 de decembro de 2021, DOG número 248, do 28 de decembro).

O reparto deste importe por anualidades é o seguinte:

	2023	2024	TOTAL
ANUALIDADES	2.181.389,00	1.977.478,00	4.158.867,00

Esta cantidade de 4.158.867,00 € trátase dun importe certo e corresponde ao financiamento das actividades recollidas neste convenio, estando ao disposto no artigo 21.2 do regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

Os importes das axudas irán destinadas a financiar os seguintes conceptos, sempre que de maneira indubidable respondan á natureza das actividades obxecto do convenio, tales como:

- Custo de contratación de persoal investigador, persoal xestor, etc.
- Equipamento inventariable, material funxible e mobiliario; dotación de laboratorios.



- Material bibliográfico, cotas asociacións, congresos, coloquios, etc., así como adhesión a sociedades científicas.
- Organización de actividades de difusión, así como presenza en medios de comunicación, vídeos, xornadas e reunións científicas.
- Dietas de viaxe e aloxamento.
- Actividades formativas: cursos e talleres.
- Axudas á organización de congresos.
- Ferramentas de xestión do coñecemento e a información, tales como aplicacións informáticas, bases de datos, licenzas, etc.
- Servizo de consultaría e asesoramento externo para estudos, traballos técnicos e actividades complementarias.
- Elaboración de proxectos de obras ou reformas, contratación e execución das mesmas.

No caso de existir baixas económicas nas adxudicacións realizadas tamén se poderán incluír aqueles investimentos en equipamento científico-tecnolóxico, infraestruturas de equipamento e mobiliario de laboratorio.

A axuda é compatible con outras concedidas para o mesmo fin, pero, en ningún caso, o importe da subvención achegada pola Consellería poderá ser de tal contía que, illada ou en concorrencia con outras subvencións, supere o custo da actividade subvencionada, tal como se establece no artigo 17.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

De conformidade co artigo 31.7 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e de conformidade co establecido no artigo 11.e) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, a obriga de presentar a certificación do cumprimento de obrigas coa Administración pública da comunidade autónoma, coa Administración do Estado e coa Seguridade Social substituirase por unha declaración responsable de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración.

QUINTA.- Fórmula de pagamento

Para o pagamento, a universidade achegará antes do 1 de decembro de cada anualidade:

- Unha certificación expedida polo órgano de control que corresponda na que se acredite a toma de razón en contabilidade, que se cumpriu a finalidade do presente convenio e que os fondos foron destinados a este fin, así como o detalle da realización



dos gastos e dos pagamentos. Os pagamentos correspondentes ás nóminas e seguridade social dos meses de novembro e decembro de cada anualidade presentaranse como xustificante de gasto do ano seguinte. No caso da última anualidade 2024, dado que o dito prazo debe cumprir co establecido no artigo 45.5 do Decreto 11/2009 do 8 de xaneiro polo que se aproba o Regulamento da Lei de subvencións, o prazo de xustificación das nóminas de novembro e decembro deberá realizarse dentro da anualidade 2024.

- Unha memoria explicativa das actividades desenvolvidas con cargo aos fondos recibidos que, como mínimo, deberá desglosar de forma individualizada cada unha das actuacións descritas neste Convenio (5), cos conceptos, procedementos de contratación, períodos de realización e pagamento dos gastos presentados, así como calquera outra información considerada relevante. En todo caso, a Universidade deberá custodiar e conservar toda a documentación xustificativa derivada dos compromisos deste convenio (facturas ou documentos contables de valor probatorio equivalente, contratos, actas, xustificantes de transferencias bancarias ou calquera outra que sexa necesaria) e poñela a disposición do órgano xestor, ou demais órganos de control, no momento en que esta lle poida ser requirida.
- Unha declaración complementaria do conxunto das axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, para este fin, das distintas administracións públicas.
- Así mesmo, deberase presentar unha declaración responsable de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración.

Os pagamentos dos contratos de persoal correspondentes ás nóminas e á seguridade social dos meses de novembro e decembro da anualidade de 2023 poderán presentarse como xustificante de gasto da anualidade do ano 2024.

De acordo co previsto no parágrafo primeiro do artigo 31.6 da Lei 9/2007 de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, poderán realizarse pagos a conta. Os ditos pagos poderán supoñer a realización de pagos fraccionados que responderán ao ritmo de execución das accións subvencionadas, aboándose por contía equivalente á xustificación presentada.

SEXTA.- Responsabilidade

A subscrición do presente convenio non supón relación laboral contractual ou de calquera outro tipo entre os/as profesionais que vaian desenvolver as actividades e a Consellería, de tal xeito que non se lle pode exixir ningunha responsabilidade, indirecta nin subsidiaria, polos actos ou feitos acontecidos no seu desenvolvemento.

SÉTIMA.- Comisión de seguimento



Para o seguimento do convenio ou coñecemento de calquera cuestión sobre a interpretación, modificación, resolución ou efectos deste que poidan xurdir, créase unha comisión mixta constituída do seguinte modo:

- Tres membros da Secretaría Xeral de Universidades, dos que un actuará como presidente/a.
- Tres membros da Universidade da Coruña.

Esta comisión actuará como órgano de vixilancia, seguimento e control do establecido neste convenio, e promoverá, se o considera conveniente, outras actuacións que poidan enriquecer o seu desenvolvemento.

Non obstante, todas aquelas cuestións que se susciten en relación co outorgamento, cumprimento, xustificación e pagamento, así como o reintegro e determinación das posibles responsabilidades relativas á subvención concedida serán resoltas pola Consellería.

OITAVA.- Pagamentos a conta

Sen prexuízo do establecido na cláusula quinta, poderá realizarse adicionalmente outro pagamento a conta anual. O pagamento a conta poderá supoñer a realización dun pagamento fraccionado que responderá ao ritmo de execución das accións subvencionadas. Este pagamento adicional ao establecido na cláusula quinta deberá cumprir dúas condicións:

- Deberá presentarse a documentación xustificativa antes do 30 de setembro.
- De conformidade co disposto no artigo 62.2 do Regulamento da Lei de subvencións de Galicia: o importe conxunto dos pagamentos a conta que no seu caso se concederan non poderán ser superiores ao 80% da porcentaxe subvencionada correspondente aos pagamentos xustificados, nin excederán da anualidade prevista en cada exercicio orzamentario. Así mesmo, establécese que non poderá ser inferior ao 50% da porcentaxe subvencionada correspondente ao pagamento xustificado en cada anualidade.

O importe restante pagarase unha vez xustificada e realizada a totalidade da actividade subvencionada.

Para proceder ao seu pagamento a UDC deberá enviar a documentación xustificativa prevista na cláusula quinta.

A UDC está exenta da obriga de constituír garantías para os pagamentos a conta, de conformidade co disposto no artigo 65.4 c) do regulamento antes mencionado.

NOVENA.- Modificación do convenio

Consonte o disposto no artigo 17.4 da Lei 9/2007, toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención poderá dar lugar á modificación do convenio.



Calquera modificación que as partes acorden realizar sobre o presente convenio deberase formalizar por escrito. Así mesmo, e de conformidade co disposto no artigo 31.4 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, os convenios subscritos pola Administración xeral da Comunidade Autónoma e as entidades instrumentais do sector público autonómico poderán ser obxecto de modificación cando teñan como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira.

Ditas modificacións terán por obxecto a redución do volume das obrigas ou a ampliación do seu prazo de execución.

DÉCIMA.- Extinción do convenio

Non obstante o establecido na cláusula anterior, este convenio poderá extinguirse por acordo mutuo e voluntario das partes, por renuncia dalgunha ou por denuncia deste por incumprimento dalgunha delas, o que se comunicará fidedignamente, logo de audiencia desta e con, polo menos, un mes de antelación. Así mesmo, o convenio extinguirase polas causas previstas no artigo 51 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público. En calquera destes casos, así como no caso de incumprimento das obrigacións e compromisos asumidos por cada unha das partes, procederase á revogación da axuda, así coma ao reintegro total ou parcial das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de mora nos casos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

De acordo co artigo 14.1.n da Lei 9/2007, os criterios de gradación dos posibles incumprimentos para determinar a cantidade que se vai minorar ou reintegrar serán os seguintes:

- a) O incumprimento total dos fins para os que se concede a subvención, da realización dos gastos subvencionables ou da obriga de xustificación dará lugar á perda do dereito ao cobro ou, no seu caso, ao reintegro da axudas percibida.
- b) Calquera outro incumprimento considerarase incumprimento parcial dos fins para os que se concedeu a axuda, da realización dos gastos subvencionables ou da obriga de xustificación, e dará lugar á perda do dereito ao cobro ou, no seu caso, ao reintegro na porcentaxe correspondente á inversión non efectuada ou non xustificada.

UNDÉCIMA.- Vixencia do convenio

O presente convenio entrará en vigor coa sinatura dixital do último dos asinantes, sen prexuízo de que poida atender accións realizadas desde o 1 de xaneiro de 2023, e terá vixencia ata o 31 de decembro do 2024.



DUODÉCIMA.- Natureza do convenio

De acordo co establecido no artigo 36 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, este convenio ten un interese público, xa que de conformidade co previsto nos artigos 53 e 54 da Lei 6/2013, do 13 de xuño, do SUG (DOG núm. 125, do 3 de xullo) corresponde á Xunta de Galicia, a través da Consellería, coordinar as universidades do SUG para acadar a mellora da docencia, a investigación, a extensión universitaria, a promoción, a adaptación ás demandas e necesidades da sociedade e a realización de estudos no ámbito da docencia, investigación, innovación, xestión, ...

As actuacións de mellora de I+D+i, estenderanse ás tres universidades galegas, potenciando a racionalización do mapa universitario e concretándose na promoción, deseño e materialización dos instrumentos necesarios para mellorar o financiamento estrutural da súa actividade investigadora.

A tal fin asínanse convenios singulares coas outras universidades do SUG adaptados á realidade e necesidades de cada unha delas. Polo tanto, non é necesario promover a concorrência competitiva por tratarse dunha acción coordinada que inclúe a todos os posibles beneficiarios para o mesmo fin.

Este convenio de colaboración ten a natureza dos previstos no artigo 6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, e realízase ao amparo do establecido nos artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015 do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, rexéndose polo establecido nas súas cláusulas e polo establecido na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no seu Regulamento, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

De acordo co disposto na comunicación da comisión sobre o Marco de axudas estatais de investigación e desenvolvemento e innovación (DOUE C 414/1), publicado no Diario Oficial da Unión Europea do 28 de outubro de 2022, a subvención contemplada neste convenio non constitúe axuda de Estado nos termos do artigo 107 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ao tratarse de financiamento público de actividades non económicas como instrumento axeitado para dar resposta a obxectivos e fins de interese común, en particular, a coordinación e cooperación como elemento relacional básico para a racionalización do mapa universitario e o fortalecemento do conxunto das universidades galegas respectando a identidade de cada unha delas (artigo 2.1.c da Lei 6/2013, do 13 de xuño, do SUG).

Non obstante a UDC deberá garantir que as actividades derivadas deste convenio axústanse ás normas procedimentais e materias vixentes no momento da concesión da axuda, debendo informar á Consellería por medio da comisión de seguimento.



DÉCIMO TERCEIRA.- Publicidade

Segundo a disposición adicional do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, a UDC consente expresamente para que a Administración inclúa e faga públicos, nos rexistros regulados neste decreto, os datos relevantes referidos ás axudas e subvencións recibidas, así como ás sancións impostas.

A reserva que puideran facer as beneficiarias no sentido de non autorizar a obtención dos datos ou a publicidade destes nos rexistros, que en todo caso terán que expresarse, poderá dar lugar á exclusión do proceso para obter a axuda ou á revogación do acto de outorgamento.

Así mesmo, as partes asinantes deste convenio manifestan o seu consentimento para que os datos persoais que constan no mesmo, así como o resto das especificacións contidas no mesmo, poidan ser publicados no Portal de Transparencia e Goberno Aberto.

As subvencións estarán sometidas á función interventora e de control financeiro exercida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, nos termos que establece a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Así mesmo, estarán sometidas ás actuacións de comprobación previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

En aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, de acordo co indicado na actual redacción do artigo 20 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e segundo o disposto nos artigos 3.1. b) e 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, a información correspondente ao presente convenio publicárase na Base de Datos Nacional de Subvencións.

DÉCIMO CUARTA.- Resolución de controversias

O presente convenio réxese en canto a súa interpretación e desenvolvemento polo ordenamento xurídico administrativo, con expresa submisión das partes á xurisdición contencioso-administrativa, nos termos que se establecen no artigo 47 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

De acordo co establecido no artigo 53 da dita lei este convenio deberá ser remitido ao Consello de Contas nos termos que no mesmo se establecen.



Lido por todas as partes, por si mesmas, e como proba de conformidade co expresado no presente convenio, asínano dixitalmente.

Román Rodríguez González
Conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades

Julio Ernesto Abalde Alonso
Reitor da Universidade da Coruña (UDC)

